



COP. A

MOCIÓN URXENTE SOBRE O SERVIZO DE INCINERACIÓN NO TANATORIO MUNICIPAL DE BOISACA

Dado que o Grupo Municipal soubo onte que a situación advertida no corpo desta moción continuaba sen resolverse, e dado que tal situación constitúe un feito relevante e imprevisible- toda vez que non resultaba previsible que a situación non se tivera resolto a día de hoxe- e dado que agardar a un novo pleno sen adoptar un acordo que impulse a resolución do problema prolongaría un prexuízo a persoas nunha situación delicada, ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varias semanas no Tanatorio Municipal de Boisaca, xestionado por unha empresa mercantil en réxime de concesión administrativa, xa non se presta o servizo de incineración, debido a unha avaría no forno crematorio que, ao parecer, obriga á súa substitución.

Considerado o prego, non hai dúbida sobre a obriga da empresa de repoñer o forno, e de facelo sen demora, máxime cando segundo algunhas fontes a avaría resultaba previsible dende hai algún tempo.

En contra do esperado, moitas familias se topan coa necesidade de ter que desprazarse a outras localidades galegas para incinerar o corpo dos seus achegados. Nunha situación emocional delicada, tal desprazamento imprevisto lles supón unha cruel prolongación do proceso funerario e una perda de acompañamento en momentos difíciles; e xunto a este dano moral os familiares da persoa finada teñen que soportar os custes engadidos que supón o traslado a outras localidades.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano de goberno a:

Primeiro.- Actuar coa máxima dilixencia en orde á esixir a empresa mercantil as responsabilidades que correspondan, e primeiramente a prestación do servizo de incineración sen dilacións innecesarias, e en orde a tramitar administrativamente a posta en funcionamento do novo forno

Segundo.- A coñecer o alcance deste mal funcionamento dun servizo público básico en canto ao número de afectados e a o prexuízo causado aos mesmos, e a estudar as posibilidades de que as persoas afectadas obteñan un resarcimento económico polo aumento de custes que lles supuxo o traslado a outras localidades e, se é o caso, polo propio dano moral.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016

Alejandro Sánchez-Brunete
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Acalde- Presidente do Concello de Santiago.